

## VISITA AO MUSEO DE BELAS ARTES

As clases de 3ºEP do CEIP Isidro Parga Pondal queren visitar o Museo de Belas Artes da Coruña. As mestras púxolles unha condición: se queren realizar a visita, teñen que buscar eles toda a información necesaria para a súa organización.

Entrade na páxina do Museo a través deste enlace para contestar ás preguntas:

<http://museobelasartescoruna.xunta.gal/index.php?id=384>

- 1) Que calendario e horarios propón o Museo para a realización de visitas escolares? (Pista: fai clic en "educación").
- 2) Canto duran estas actividades?
- 3) Cada clase ten 25 alumnos, podemos ir as dúas clases o mesmo día?
- 4) Como podemos facer a solicitude e reserva da actividade?
- 5) Busca as propostas educativas que ofrecen e escribe cales están adaptadas ao noso curso. Pista: é un documento PDF que contén as propostas educativas para a etapa de educación primaria, para 3º curso propoñen dúas actividades diferentes. Se non atopas o documento, aquí tes o enlace:  
[http://museobelasartescoruna.xunta.gal/documentos/actividades\\_documentos/educacion\\_documentos/2019\\_20 PRIM CAST.pdf](http://museobelasartescoruna.xunta.gal/documentos/actividades_documentos/educacion_documentos/2019_20 PRIM CAST.pdf)
- 6) Cal preferirías facer ti?
- 7) Con ese documento busca e escribe as normas da visita.
- 8) Nos museos hai obras de múltiples artistas, busca o nome de 3 deles e escríbeos.
- 9) Os museos tamén teñen exposicións temporais que só podemos visitar durante certo tempo. Busca na páxina o nome da exposición actual que se pode visitar neste momento.
- 10) Cal é o título destas obras?



- 11) Das obras que aparecen nesa exposición temporal, cal che gusta máis?
- 12) Agora é o momento de decidir que día imos ir e informar á empresa de transporte para reservar un autobús. Redacta cómo escribirías un correo á empresa dándolle toda a información necesaria (data, hora de recollida na escola, hora de recollida no museo, número de alumnos/as).
- 13) A empresa de transporte infórmate de que o prezo por alumno é de 1 euro. Canto nos custará o autobús?
- 14) A entrada ao museo tamén nos custará 1 euro por alumno. Canto imos pagar en total? (prezo do autobús e prezo das entradas).
- 15) Finalmente, haberá 3 alumnos que non poderán ir. Canto teremos que pagar ao final?